



Informe de valoración do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (Artigo 7.3 L.O. 2/2012).

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN CILINDRO DE ELEVACIÓN PARA O VEHÍCULO AUTOESCALA DO PARQUE DE CARBALLO, PERTENCENTE AO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

EXPEDIENTE: 2024/C005/000007

Primeiro.- Logo de ver que a Disposición Adicional Terceira, Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sinala:

<<(…) 3. Os actos de fiscalización exércense polo órgano Interventor da Entidade local. Esta fiscalización recaerá tamén sobre valoración que se incorpore ao expediente de contratación sobre as repercusións de cada novo contrato, excepto os contratos menores, no cumprimento pola Entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que esixe o artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (...).>>

Segundo.- Visto o anterior e en relación ao expediente de contratación denominado “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN CILINDRO DE ELEVACIÓN PARA O VEHÍCULO AUTOESCALA DO PARQUE DE CARBALLO, PERTENCENTE AO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA”.

É polo que, INFÓRMASE, o seguinte:

- Para atender esta obriga, estas áreas de gasto dispoñen de créditos específicos (inversións) sen que sexa necesario dotación orzamentaria distinta aos créditos que dispón a bolsa de vinculación para este exercicio.
- A prestación deste contrato, polo antes mencionado, non implica carga financeira algunha.

A tenor do sinalado e a xuízo desta xerencia, a execución e desenvolvemento deste evento - compromiso ineludible para esta administración- non afecta a sustentabilidade financeira nin a estabilidade orzamentaria-”

O que informo aos efectos oportunos.

Carballo, na data da sinatura dixital

O xerente,

José Luis Barca Añón